



Datos do Expediente:

| | | |
|---|------------|--|
| EXPEDIENTE XENERICO | | |
| Unidade Tramitadora: | | |
| Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN | | |
| Número expediente: | Documento: | |
| TES/188/2019 | TES14IOCG | |
| 67060T1B03293V511DY0 | | |
| | | |

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Logo de ver o informe proposta da Tesoureira municipal (TES14IOCF) que transcrito literalmente di:
**“INFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA
ASUNTO.- MODIFICACIÓN DO CALENDARIO DO CONTRIBUINTE 2020.**

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe:

Normativa

- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación
- Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Demais normativa concordante.

Informe:

Primeiro.- O calendario fiscal do contribuínte do 2020 foi aprobado por resolución o 17.12.2019 sendo obxecto de publicación no BOP do 23.12.2019

Segundo.- Dáse traslado a esta Tesourería do informe do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda (ING14IOHL) no que se pon de manifesto as circunstancias que impediron elaborar o padrón fiscal de caixeiros automáticos e máquinas expendedoras para sometelo ao cobro no período temporal definido no calendario do contribuínte, isto é, dende o 03/04/2020 a 03/06/2020. Polos motivos expostos, faise necesario definir o novo período cobratorio e dito padrón fiscal modificando o calendario fiscal do 2020.

Por todo o exposto, propónse ao concelleiro delegado de Facenda a adopción do seguinte acordo:
1º.- A aprobación da modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2020 conforme se indica de seguido :

| CONCEPTO | EXERCIZO E PERIODO | PERIODO VOLUNTARIO INGRESO | DATA CARGO DOMICILIACIÓNS |
|--|--------------------|----------------------------|---------------------------|
| PADRON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E MAQUINAS EXPENDEDORAS | ANUAL | 05/06/2020-05/08/2020 | 1º día período impositivo |

2º.- Publicar a modificación do calendario fiscal do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

3º.- A modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2020 é susceptible de recurso na vía contencioso administrativa por quenes sexan titulares de dereitos e intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.”



Esta concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***